Visto o texto do convenio colectivo da empresa, que se subscribiu en data 22 de novembro de 2024, entre a representación da empresa Supervisión y Control, S.A. e a representación legal dos traballadores e traballadoras das centrais sindicais CIG, UGT e CC.OO., e de conformidade co disposto no artigo 90, apartados 2 e 3, do Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e no Real decreto 713/2010, de 28 de maio, sobre o rexistro e o depósito de convenios colectivos, os acordos colectivos de traballo e os plans de igualdade.

Enderezo á publicación no DOG: DOG 9 del 15/1/2025 - RESOLUCIÓN de 17 de diciembre de 2024, de la Secretaría General de Empleo y Relaciones Laborales, por la que se dispone la inscripción en el registro y la publicación del convenio colectivo de la empresa Supervisión y Control, S.A., código del convenio 82100012012012".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/08/2025 10:05:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2025 10:05:07
Nº Rexistro: 32121
Data envío: 25/08/2025 10:05:07.866

CSV: BOPGDSPG-Tyod700Ef-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 14139** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e don Luis Bará Torres, sobre **"novo papel da Consellería de Economía e Industria na reorganización das competencias, obxectivos, planificación e coordinación en materia de ordenación do territorio"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"As competencias en materia de ordenación do territorio, correspondentes tanto a esta Consellería de Economía e Industria como as de Medio Ambiente e Cambio Climático, e Vivenda e Planificación de Infraestruturas, están perfectamente delimitadas nos correspondentes Decretos que establecen a estrutura orgánica das devanditas Consellerías: no caso da Consellería de Economía e Industria é o Decreto 140/2024; no caso da de Medio Ambiente e Cambio Climático, o Decreto 137/2024, modificado máis tarde polo Decreto 192/2024, e, finalmente, o Decreto 142/2024, modificado a posteriori polo Decreto 48/2025, para o caso da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

Particularmente, no caso da Consellería de Economía e Industria, a asignación de competencias en materia de ordenación do territorio vén relacionada coa xestión do solo empresarial, que asume a Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial.

A asunción desta competencia, tamén apoiada coa tutela funcional da sociedade pública Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A. en ningún punto supón interferencia coas competencias en ordenación do litoral, atribuídas á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático; nin coas competencias en materia de vivenda, urbanismo e territorio, que corresponden á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, nos termos definidos nos decretos anteriormente referenciados, que delimitan o marxe de actuación dos distintos órganos, impedindo así conflitos ou interferencias na súa actividade.

A reestruturación de competencias en materia de territorio entre as distintas Consellerías supón, ademais, unha transformación significativa na arquitectura administrativa da Xunta de Galicia, con implicacións relevantes tanto a nivel operativo como estratéxico.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O principal efecto derivado desta reorganización é a integración das competencias en materia de industria coa xestión do solo empresarial, o que permite unha maior coherencia no deseño e implementación de políticas públicas orientadas á dinamización económica, á captación de investimentos e á promoción da implantación de proxectos industriais. Esta coordinación reforzada posibilita que os instrumentos de planificación territorial se aliñen eficazmente coas necesidades do tecido produtivo, pero tamén coas estratexias de crecemento sustentable, facilitando a creación de espazos empresariais ben dotados de infraestruturas e adaptados ás demandas actuais do sector industrial.

Do mesmo xeito, esta reestruturación ten por obxecto mellorar a axilidade administrativa na xestión e no acceso ao solo empresarial, ao reducir a fragmentación competencial, contribuíndo, polo tanto, a unha xestión máis eficiente dos recursos dispoñibles e ao impulso da tramitación de proxectos estratéxicos.

A redistribución de competencias tivo en conta as distintas competencias e necesidades dos diferentes órganos, para así evitar solapamentos, baleiros de coordinación ou dificultades na adaptación ao novo reparto, polo que a reestruturación representa unha oportunidade de reforzar a eficacia da acción pública nesta materia.

Durante esta lexislatura, os obxectivos principais da Consellería de Economía e Industria en materia de planificación do territorio están centrados no impulso e desenvolvemento de solo empresarial, atendendo de xeito directo ás necesidades reais e emerxentes do tecido empresarial e industrial galego.

No contexto actual, claramente marcado pola transformación industrial, a transición enerxética e a necesidade de atracción de investimentos estratéxicos, a Consellería xestiona o solo empresarial centrándose:

- En primeiro lugar, na creación e modernización de áreas industriais, procurando unha boa localización, a modernización de infraestruturas e facilitando ampliacións e o crecemento endógeno;
- En segundo lugar, dando resposta ás demandas sectoriais e axustándose as concretas demandas agroindustriais, tecnolóxicas, de automoción, economía verde ou industria forestal.
- En terceiro e último lugar, pero con carácter transversal e tendo en conta o equilibrio territorial entre as diferentes comarcas para favorecer a creación de oportunidades no ámbito rural e nas zonas en declive demográfico, o traballo céntrase na simplificación administrativa e na axilización dos procedementos de posta en marcha e tramitación urbanística para garantir que o solo empresarial sexa realmente accesible e operativo nun tempo razoable, reducindo barreiras burocráticas.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



En definitiva, a integración dos obxectivos da Consellería de Economía e Industria en materia de planificación do solo empresarial, considerando a política xeral de ordenación do territorio da Xunta de Galicia, ten en conta os órganos de coordinación interadministrativa establecidos pola normativa vixente, así como a participación activa nos instrumentos de planificación territorial. Por unha banda, mediante a participación nos órganos de gobernanza territorial, a Consellería intervéñen nos órganos colexiados, comisións interdepartamentais e mesas técnicas que teñen como finalidade garantir unha planificación integrada, evitando duplicidades competenciais. E, por outra banda, a planificación do solo empresarial artículase dentro do marco proporcionado polos plans territoriais e documentos estratéxicos vixentes.

Ademais, as actuacións en solo empresarial incorpóranse aos plans de desenvolvemento urbanístico dos concellos e aos instrumentos autonómicos de ordenación mediante procedementos que garantan a compatibilidade dos usos, o respecto polas condicións ambientais e o equilibrio dos intereses locais, comarcais e autonómicos.

En resumo, a integración dos obxectivos da Consellería no marco territorial xeral responde a unha estratexia de acción coordinada e transversal, que busca garantir que o impulso do solo empresarial se realice de forma compatible cos valores territoriais, ambientais e sociais, contribuíndo así a un modelo de desenvolvemento equilibrado, ordenado e sustentable..”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/08/2025 11:52:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2025 11:52:26
Nº Rexistro: 32538
Data envío: 27/08/2025 11:52:26.629

CSV: BOPGDSPG-Tyod700Ef-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 14483**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Oscar Insua Lema e dona Rosana Pérez Fernández, sobre **"a postura da Xunta de Galicia ante as demandas dos mariscadores de Fisterra para incluír o mergullo con subministración de aire desde superficie como técnica autorizada na explotación dos moluscos bivalvos"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"A Orde do 21 de decembro de 2023, pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2024-2026, ten por obxecto aprobar o conxunto de normas e orientacións destinadas a regular e programar a conservación e explotación sustentable dos recursos marisqueiros xerais para o trienio mencionado.

Mediante a orde mencionada, aprobáronse un total de 92 plans de xestión, correspondendo un 38% a plans coa modalidade de marisqueo desde embarcación con vara, que tamén poden desenvolver a actividade nas zonas de libre marisqueo de conformidade coas normas recollidas no artigo 4 da mencionada orde.

No Rexistro de buques pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia figuran 2.456 embarcacións coa modalidade de marisqueo dende embarcación, que son os que poden exercer a súa actividade con vara ao abeiro dos plans de xestión e normas das zonas de libre marisqueo, sendo os primeiros o instrumento fundamental de planificación da actividade marisqueira en Galicia.

Co Decreto 59/1992, do 6 de marzo, polo que se regula a extracción de especies marisqueiras e a recolección de algas nas augas de Galicia, cambiase o modelo de explotación dos recursos, evolucionando a un sistema de coxestión baseado en plans de explotación e que corresponsabiliza ás entidades asociativas do sector na xestión dos recursos. Así, mediante a orde do 24 de xuño de 1992 da consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, apróbase o primeiro Plan Xeral de Explotación Marisqueira.

Por outra banda, as artes autorizadas para o exercicio do marisqueo estiveron inicialmente reguladas no Decreto 424/1993, do 17 de decembro (derrogado), e actualmente polo Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia. O decreto mencionado establece no artigo 158 que só se permite o emprego de equipamentos subacuáticos sen ou con subministración de aire, para a explotación de determinados recursos específicos e cando así o determine o plan de xestión correspondente. Polo tanto, nos recursos marisqueiros xerais non se poden explotar con técnicas de mergullo.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Polo tanto, en Galicia durante máis de 20 anos a actividade de marisqueo dende embarcación dirixida aos recursos marisqueiros xerais, exerceuse ao abeiro de plans de xestión empregando a arte de marisqueo con vara, respectando a normativa vixente, e tendo en conta que os bancos marisqueiros a flote atópanse na zona infralitoral a diferente profundidade.

No caso da confraría de Fisterra, no ano 2009 aprobouse o primeiro plan de explotación en zonas de libre marisqueo na modalidade de embarcación con vara, para a captura de ameixa babosa e ameixa rubia, nos bancos infralitorais da praia de Langosteira, a máis de 12 metros (subzonas de explotación As Pardas e da Serra). Dende entón este plan foi aprobado ata a actualidade, agás no ano 2018. O plan presentado para o ano 2018 non foi aprobado porque non houbo actividade extractiva entre 2016 e 2017, a última avaliación directa do recurso se realizara na primavera de 2015, e ademais e non houbo participación do colectivo nas mostraxes, cuestión fundamental para coñecer o estado do recurso. Na actualidade, o plan de xestión PE403A 2023/1-1 foi aprobado á confraría de Fisterra mediante a súa inclusión na Orde do 21 de decembro de 2023, pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2024-2026.

Este plan ten tres períodos ben marcados, entre 2011 e 2013 no que a explotación foi moi alta e os resultados de capturas superaban as 10 toneladas no conxunto das especies, en 2014-2015 no que houbo unha baixada considerable da extracción posiblemente causada pola sobrepesca dos anos anteriores que finalmente levaron a non realizar actividade dende 2016 ata que volveu retomarse no ano 2019. Dende que se volveu a retomar a extracción no 2019, a especie principal é o ameixon, se ben, no 2024 produciuse un forte incremento da extracción da ameixa babosa.

Os plans experimentais presentados pola confraría de Fisterra para a explotación de moluscos bivalvos con técnicas de mergullo para os anos 2009, 2014, 2015, 2016 e 2017 foron considerados desfavorables por resolución da consellería do Mar, en consonancia cos informes técnicos desfavorables. Nos anos nos que o estado do recurso foi bó (2011-2013) non se presentaron plans experimentais.

Nas resolucións da Consellería do Mar desfavorables á aprobación do plans experimentais expoñíanse detalladamente os motivos da denegación.

A orde do 21 de decembro de 2023, polo que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2024-2026, que tamén regula os plans zonais, establece no artigo 8.2 que non se aprobarán plans zonais para a explotación con técnicas de mergullo de moluscos bivalvos diferentes a solénidos, consideración legal incluída na resolución da consellería do Mar de 05.02.2024 pola que non se aproba o plan zona para a extracción de moluscos bivalvos a mergullo con subministro de aire dende superficie para o ano 2024 presentado pola confraría de pescadores de Fisterra (PE403C 2023/2822566).

Con data 23.02.2024, celebrouse unha reunión na Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro con representantes da confraría no que se lles trasladou a xustificación técnica e legal da non aprobación do plan zonal.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Na Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro non se ten constancia de ningunha nova proposta ou escrito da entidade referente ao emprego de mergullo con técnica de extracción para moluscos bivalvos distintos de solénidos.

Finalmente sinalar que a normativa reguladora da actividade pesqueira realízase con consulta e colaboración coas entidades que representan os intereses do sector, en particular as federacións provinciais é a Federación Galega de Confrarías, que representan os intereses do conxunto do sector. E é neste marco que se poden encadrar as modificacións ou nova normativa reguladora da actividade marisqueira”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/08/2025 11:46:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2025 11:46:30
Nº Rexistro: 32528
Data envío: 27/08/2025 11:46:30.786

CSV: BOPGDSPG-Tyod700Ef-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 9570**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galicia co fin de incrementar a oferta de operarios forestais para a limpeza e roza de terreos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Lei 3/2007 de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, no seu artigo 22 describe o procedemento para a xestión da biomasa no ámbito das faixas.

O propietario da parcela ten ata o 31 de maio para proceder a limpeza da súa parcela, en caso de que incumpra a súa obriga, a Administración pública competente inspeccionará a parcela e enviará unha notificación recordando a súa obriga. Transcorrido o prazo regrado, se o propietario segue incumprindo a súa obriga pódese proceder a execución subsidiaria, que segundo o Convenio de Xestión da Biomasa firmado entre Xunta de Galicia-FEGAMP-Concellos e SEAGA habilita para executar estes traballos.

Na actualidade son varias as ferramentas na xestión da biomasa:

- Inspeccións.
- Parroquias priorizadas.
- A execución subsidiaria, cuxa ferramenta ten que ser solicitada polo concello interesado.
- Execucións en parcelas contratadas dentro das parcelas prioritarias definidas segundo o alto índice de incendios:

Provincia	Parcelas con- tratadas	Superficie contratada	Parcelas exe- cutadas	Sup. execu- tada (ha)	% parcelas executadas	% superfi- cie execu- ta
A Coruña	4.938	323,74	4.216	290,41	85,38%	89,71%
Lugo	1.939	134,46	1.897	131,50	97,83%	97,80%
Ourense	12.346	518,05	12.113	502,44	98,11%	96,99%
Pontevedra	7.868	482,18	7.316	436,64	92,98%	90,56%
Total	27.091	1.458,43	25.542	1.360,99	94,28%	93,32%

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





A porcentaxe de parcelas cuxos propietarios asinaron un contrato con Seaga para a limpeza da mesma é do 93,32%.

Plan Preventivo: Atendendo ás necesidades de prevención e loita contra os incendios forestais, están en execución traballos mecanizados nos concellos adheridos, o que reforza un dos obxectivos específicos establecidos no plan, a ampliación e mellora das infraestruturas preventivas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/08/2025 10:05:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2025 10:05:40
Nº Rexistro: 32126
Data envío: 25/08/2025 10:05:40,630

CSV: BOPGDSPG-Tyod700Ef-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 10033**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, dona Patricia Iglesias Rey e dona Lara Méndez López, sobre **"as necesidades de solo industrial na comarca de Pontevedra"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"A dispoñibilidade de solo empresarial nos lugares e condicións adecuadas, e a prezos alcanzables, é unha das cuestións prioritarias que poden afectar ao desenvolvemento de proxectos empresariais. Por esta razón, a Xunta de Galicia está a levar diversas actuacións dirixidas a aumentar a dispoñibilidade de solo ao longo de toda a Comunidade Autónoma, que facilite a implantación e crecemento das empresas, e contribúa á creación de emprego, especialmente no sector empresarial.

Ao igual que no resto de comarcas de Galicia, no caso da de Pontevedra, a Xunta de Galicia considera importante desenvolver actuacións dirixidas a aumentar a dispoñibilidade de solo empresarial.

En relación ás medidas desenvolvidas pola Xunta de Galicia, a planificación do solo empresarial realízase a través do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia (PSOAEG). Este instrumento planifica e localiza a superficie de solo empresarial de carácter supramunicipal, e define os ámbitos do territorio susceptibles de acoller actuacións deste tipo para cubrir as necesidades a longo prazo. O desenvolvemento do solo empresarial nas áreas empresariais de interese autonómico vén regulado principalmente na Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia. Polo tanto, o desenvolvemento do solo empresarial depende das tramitacións dos procedementos administrativos previstos na normativa, así como da dispoñibilidade de recursos orzamentarios e da priorización derivada das necesidades reais de solo empresarial nas distintas zonas da Comunidade Autónoma.

Ademais, a Xunta de Galicia ten impulsado tamén a creación doutras figuras que facilitan a implantación de actividades industriais no territorio de Galicia, como os proxectos industriais estratéxicos, definidos como iniciativas empresariais que se estime que teñen tal carácter pola súa función no desenvolvemento, implantación ou execución da política industrial autonómica e a súa incidencia económica ou social e que cumpran unha serie de requisitos establecidos no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, de 12 de febreiro.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Nesta liña, na Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas inclúese a modificación do Decreto lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en política industrial, engadindo a posibilidade de tramitación conxunta de proxectos de interese autonómico para a creación de solo empresarial e proxectos industriais estratéxicos. Poñendo deste xeito a disposición do tecido empresarial unha posibilidade de desenvolver solo de xeito áxil con redución de prazos.

Igualmente na citada Lei 5/2024, inclúense, entre as medidas temporais e excepcionais dirixidas á creación de solo empresarial, os proxectos de interese autonómico para a creación de solo empresarial en municipios rurais cunha tramitación simplificada, na cal posibilitase a redución dos prazos xerais para actuacións de solo empresarial en municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes para crear unha área empresarial de ata 5 ha.

A Xunta de Galicia promoveu o parque empresarial do Campiño, fases I e II. A ampliación do Campiño é unha actuación incluída no PSOAEG. En desenvolvemento desta previsión do PSOAEG a Xunta de Galicia a través de Xestión do Solo de Galicia SA (en diante, Xestur) está a ampliar o parque empresarial do Campiño, téndose xa licitada a redacción dos instrumentos do Plan Estruturante de Ordenación de Solo Empresarial (PEOSE), así como os correspondentes proxectos de desenvolvemento e urbanización.

Durante a redacción do PEOSE foi necesario adaptar a planificación inicial debido a que se detectaron distintas afeccións sectoriais que condicionan a posibilidade de desenvolver o ámbito completo previsto no PSOAEG. Finalmente a ampliación do parque empresarial contará cunha superficie total de 160.045 m². O borrador do documento foi presentado por Xestur e a Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial ao Concello de Pontevedra, en xullo de 2025, nunha reunión na que se informou ao Concello do contido definitivo do PEOSE, procurándose consensuar solucións en materia de saneamento e dotación de recursos hídricos necesarios para dar servizo ao parque, un paso necesario previo á avaliación ambiental.

Por outra banda, en desenvolvemento da previsión do PSOAEG estase promovendo o parque empresarial de Fragamoreira (Poio), que sumará 374.229 m² máis de solo para uso industrial na comarca. Xestur licitou a redacción dos instrumentos de planeamento (PEOSE) así como os proxectos de desenvolvemento e urbanización. O PEOSE encóntrase actualmente en fase de tramitación ambiental, con data 26 de maio de 2025 foi remitido dende a Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial o borrador do PEOSE xunto co seu documento ambiental estratéxico, para o inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada. O órgano ambiental someteu o documento a consultas públicas con data 3 de xuño de 2025.

Ademais, a Xunta de Galicia, a través de Xestur está a impulsar diferentes proxectos para dotar a comarca de Pontevedra de solo empresarial, neste contexto, o pasado mes de maio adxudicou o proxecto de reurbanización de 86.964 m² no antigo Centro

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



de Transporte e Terminal Intermodal de Ponte Caldelas (Pontevedra), que está ao carón do Polígono do Campiño e o parque empresarial da Reigosa (Ponte Caldelas). Esta iniciativa é complementaria con outros desenvolvementos urbanísticos de solo empresarial que a Xunta de Galicia está a promover na provincia de Pontevedra. Así, está a desenvolver a Fase IV do parque empresarial de Lalín 2000 (316.960 m²), que ten superado proceso de información pública do seu proxecto de urbanización. Ademais, a ampliación do parque empresarial de Toedo (A Estrada), con 156.685 m² o de Louredo-Mos, con 479.464 m², superaron a fase ambiental dos seus instrumentos de ordenación. Tamén están en licitación a redacción do PEOSE da ampliación do polígono industrial do Pousadoiro en Vilagarcía de Arousa, cunha previsión de ampliar 212.254 m² de solo industrial; e a licitación da denominada MI, área multifuncional industrial, da Plisan coa previsión de ampliála en 1.072.773 m². En definitiva, nos vindeiros anos porase á disposición das empresas case tres millóns de metros cadrados adicionais de solo empresarial na provincia de Pontevedra.

Na área de Pontevedra non se esgotou o solo industrial. Xestur promoveu o parque empresarial da Reigosa en Ponte Caldelas, que foi rematado en 2010, e no que, a día de hoxe, aínda hai solo dispoñible. No derradeiro concurso de alleamento de solo industrial de Xestur de outubro de 2024 só se presentou unha solicitude de solo empresarial na comarca de Pontevedra, tras este concurso de alleamento quedan sete parcelas dispoñibles na área empresarial”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/08/2025 10:05:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2025 10:05:28
Nº Rexistro: 32124
Data envío: 25/08/2025 10:05:28.069

CSV: BOPGDSPG-Tyod700Ef-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 10607**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e dona Iria Taibo Corsanego, sobre **"a forma en que a Xunta de Galicia prevé reverter a débeda contraída coa Orquestra Sinfónica de Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude**, que ten o seguinte contido:

"As contías totais transferidas pola Xunta de Galicia ao Consorcio para a Promoción da Música da Coruña, atópanse recollidas nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma, aprobados polo Parlamento de Galicia e a disposición pública a través da web oficial da Xunta de Galicia, tal e como dispón a Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Toda a información solicitada pode ser consultada a través da seguinte ligazón: www.orzamentos.xunta.gal".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2025 11:52:37
Nº Rexistro: 32540
Data envío: 27/08/2025 11:52:37,753

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/08/2025 11:52:37

CSV: BOPGDSPG-Tyod700Ef-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 10789**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas, don Ramón Fernández Alfonzo e dona Noa Presas Bergantiños, sobre **"as tarifas do servizo de inspección técnica de vehículos (ITV)"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"O conflito laboral xurdido na empresa concesionaria da ITV, SYC APPLUS, levou á negociación do convenio colectivo da empresa que, con data 22 de novembro de 2024, concluíron as negociacións do convenio colectivo con acordo entre a representación da empresa e a dos traballadores e traballadoras, publicándose no DOG o pasado mércores, 15 de xaneiro de 2025.

A resolución do 17 de decembro de 2024, da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación co convenio colectivo da empresa Supervisión y Control, S.A., con código de convenio 82100012012012, resolveu o seguinte:

- Primeiro. Ordenar o seu rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia (Regcon), creado mediante a Orde de 29 de outubro de 2010 (DOG n.º 222, de 18 de novembro).
- Segundo. Dispoñer a súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Visto o texto do convenio colectivo da empresa, que se subscribiu en data 22 de novembro de 2024, entre a representación da empresa Supervisión y Control, S.A. e a representación legal dos traballadores e traballadoras das centrais sindicais CIG, UGT e CC.OO., e de conformidade co disposto no artigo 90, apartados 2 e 3, do Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e no Real decreto 713/2010, de 28 de maio, sobre o rexistro e o depósito de convenios colectivos, os acordos colectivos de traballo e os plans de igualdade".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/08/2025 10:05:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2025 10:05:15
Nº Rexistro: 32122
Data envío: 25/08/2025 10:05:15.773

CSV: BOPGDSPG-Tyod700Ef-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 14482**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Oscar Insua Lema e dona Rosana Pérez Fernández, sobre **"a postura da Xunta de Galicia respecto da inclusión do mergullo con subministración de aire desde superficie como técnica autorizada na explotación dos moluscos bivalvos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"A Orde do 21 de decembro de 2023, pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2024-2026, ten por obxecto aprobar o conxunto de normas e orientacións destinadas a regular e programar a conservación e explotación sustentable dos recursos marisqueiros xerais para o trienio mencionado.

Mediante a orde mencionada, aprobáronse un total de 92 plans de xestión, correspondendo un 38% a plans coa modalidade de marisqueo desde embarcación con vara, que tamén poden desenvolver a actividade nas zonas de libre marisqueo de conformidade coas normas recollidas no artigo 4 da mencionada orde.

No Rexistro de buques pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia figuran 2.456 embarcacións coa modalidade de marisqueo dende embarcación, que son os que poden exercer a súa actividade con vara ao abeiro dos plans de xestión e normas das zonas de libre marisqueo, sendo os primeiros o instrumento fundamental de planificación da actividade marisqueira en Galicia.

Co Decreto 59/1992, do 6 de marzo, polo que se regula a extracción de especies marisqueiras e a recolección de algas nas augas de Galicia, cambiase o modelo de explotación dos recursos, evolucionando a un sistema de coxestión baseado en plans de explotación e que responsabiliza ás entidades asociativas do sector na xestión dos recursos. Así, mediante a orde do 24 de xuño de 1992 da consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, aprobase o primeiro Plan Xeral de Explotación Marisqueira.

Por outra banda, as artes autorizadas para o exercicio do marisqueo estiveron inicialmente reguladas no Decreto 424/1993, do 17 de decembro (derogado), e actualmente polo Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia. O decreto mencionado establece no artigo 158 que só se permite o emprego de equipamentos subacuáticos sen ou con subministración de aire, para a explotación de determinados recursos específicos e cando así o determine o plan de xestión correspondente. Polo tanto, nos recursos marisqueiros xerais non se poden explotar con técnicas de mergullo.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Polo tanto, en Galicia durante máis de 20 anos a actividade de marisqueo dende embarcación dirixida aos recursos marisqueiros xerais, exerceuse ao abeiro de plans de xestión empregando a arte de marisqueo con vara, respectando a normativa vixente, e tendo en conta que os bancos marisqueiros a flote atópanse na zona infralitoral a diferente profundidade.

No caso da confraría de Fisterra, no ano 2009 aprobouse o primeiro plan de explotación en zonas de libre marisqueo na modalidade de embarcación con vara, para a captura de ameixa babosa e ameixa rubia, nos bancos infralitorais da praia de Langosteira, a máis de 12 metros (subzonas de explotación As Pardas e da Serra). Dende entón este plan foi aprobado ata a actualidade, agás no ano 2018. O plan presentado para o ano 2018 non foi aprobado porque non houbo actividade extractiva entre 2016 e 2017, a última avaliación directa do recurso se realizara na primavera de 2015, e ademais e non houbo participación do colectivo nas mostraxes, cuestión fundamental para coñecer o estado do recurso. Na actualidade, o plan de xestión PE403A 2023/1-1 foi aprobado á confraría de Fisterra mediante a súa inclusión na Orde do 21 de decembro de 2023, pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2024-2026.

Este plan ten tres períodos ben marcados, entre 2011 e 2013 no que a explotación foi moi alta e os resultados de capturas superaban as 10 toneladas no conxunto das especies, en 2014-2015 no que houbo unha baixada considerable da extracción posiblemente causada pola sobrepesca dos anos anteriores que finalmente levaron a non realizar actividade dende 2016 ata que volveu retomarse no ano 2019. Dende que se volveu a retomar a extracción no 2019, a especie principal é o ameixon, se ben, no 2024 produciuse un forte incremento da extracción da ameixa babosa.

Os plans experimentais presentados pola confraría de Fisterra para a explotación de moluscos bivalvos con técnicas de mergullo para os anos 2009, 2014, 2015, 2016 e 2017 foron considerados desfavorables por resolución da consellería do Mar, en consonancia cos informes técnicos desfavorables. Nos anos nos que o estado do recurso foi bó (2011-2013) non se presentaron plans experimentais.

Nas resolucións da Consellería do Mar desfavorables á aprobación do plans experimentais expoñíanse detalladamente os motivos da denegación.

A orde do 21 de decembro de 2023, polo que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2024-2026, que tamén regula os plans zonais, establece no artigo 8.2 que non se aprobarán plans zonais para a explotación con técnicas de mergullo de moluscos bivalvos diferentes a solénidos, consideración legal incluída na resolución da consellería do Mar de 05.02.2024 pola que non se aproba o plan zona para a extracción de moluscos bivalvos a mergullo con subministro de aire dende superficie para o ano 2024 presentado pola confraría de pescadores de Fisterra (PE403C 2023/2822566).

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Con data 23.02.2024, celebrouse unha reunión na Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro con representantes da confraría no que se lles trasladou a xustificación técnica e legal da non aprobación do plan zonal.

Na Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro non se ten constancia de ningunha nova proposta ou escrito da entidade referente ao emprego de mergullo con técnica de extracción para moluscos bivalvos distintos de solénidos.

Finalmente sinalar que a normativa reguladora da actividade pesqueira realizase con consulta e colaboración coas entidades que representan os intereses do sector, en particular as federacións provinciais é a Federación Galega de Confrarías, que representan os intereses do conxunto do sector. E é neste marco que se poden encadrar as modificacións ou nova normativa reguladora da actividade marisqueira”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/08/2025 11:46:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2025 11:46:36
Nº Rexistro: 32529
Data envío: 27/08/2025 11:46:36,288

CSV: BOPGDSPG-Tyod700Ef-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 15495**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"as previsións que ten o Goberno galego respecto do prazo para a creación da Mesa dos Pastos en Montes de Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"As preguntas anteriores están referidas á Lei 7/2012, de montes de Galicia, ás directrices do Consello Forestal e ó Plan Forestal de Galicia. Así, a 1ª Revisión do Plan Forestal de Galicia contén na páxina 72 o *"Programa de aproveitamento de pastos e forraxes no monte e de establecemento de sistemas silvopastorís"*. Este Programa recolle como obxectivo acadar as 225.000 ha de pastos en terreos forestais antes de 2040. Estas 225.000 ha son ás que se refire o último parágrafo da parte expositiva desta pregunta, e que se anunciaron na prensa no seu día: A Xunta prevé aumentar a superficie de pastos e forraxes en terreos forestais en 225.000 hectáreas - Campo Galego.

Dende 2020 vense desenvolvendo unha medida do PDR, que nós chamamos Plan de Pastoreo de Galicia, no que as comunidades de montes solicitan renovar algún dos seus pasteiros. Sen embargo, este Plan de Pastoreo articúlase a través da submedida 8.3 do PDR de Galicia e non ten nada que ver co Programa de aproveitamento de pastos e forraxes anterior, nin con ningunha das preguntas anteriores.

Dende 2020 lévanse feito un total de 80 pastizais, con 1.942 ha e rematará outros 26 con 519 ha a finais de 2025".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/08/2025 10:04:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2025 10:04:57
Nº Rexistro: 32120
Data envío: 25/08/2025 10:04:57,837

CSV: BOPGDSPG-Tyod700Ef-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 10031**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, dona Patricia Iglesias Rey e dona Lara Méndez López, sobre **"as necesidades empresariais da comarca de Pontevedra, a ampliación de varios polígonos industriais da zona e a creación dun porto seco en Cerponzóns, Pontevedra"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

ou execución da política industrial autonómica e a súa incidencia económica ou social e que cumpran unha serie de requisitos establecidos no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, de 12 de febreiro.

Nesta liña, na lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas inclúese a modificación do Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en política industrial, engadindo a posibilidade de tramitación conxunta de proxectos de interese autonómico para a creación de solo empresarial e proxectos industriais estratéxicos. Poñendo deste xeito a disposición do tecido empresarial unha posibilidade de desenvolver solo de xeito áxil con redución de prazos.

Igualmente na citada Lei 5/2024, inclúense, entre as medidas temporais e excepcionais dirixidas á creación de solo empresarial, os proxectos de interese autonómico para a creación de solo empresarial en municipios rurais cunha tramitación simplificada, na cal posibilitase a redución dos prazos xerais para actuacións de solo empresarial en municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes para crear unha área empresarial de ata 5 ha.

A Xunta de Galicia promoveu o parque empresarial do Campiño, fases I e II. A ampliación do Campiño é unha actuación incluída no PSOAEG. En desenvolvemento desta previsión do PSOAEG a Xunta de Galicia a través de Xestión do Solo de Galicia SA (en diante, Xestur) está a ampliar o parque empresarial do Campiño, téndose xa licitada a redacción dos instrumentos do Plan Estruturante de Ordenación de Solo Empresarial (PEOSE), así como os correspondentes proxectos de desenvolvemento e urbanización.

Durante a redacción do PEOSE foi necesario adaptar a planificación inicial debido a que se detectaron distintas afeccións sectoriais que condicionan a posibilidade de desenvolver o ámbito completo previsto no PSOAEG. Finalmente a ampliación do parque empresarial contará cunha superficie total de 160.045 m². O borrador do documento foi presentado por Xestur e a Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial ao Concello de Pontevedra, en xullo de 2025, nunha reunión na que se informou ao Concello do contido definitivo do PEOSE, procurándose consensuar solucións en materia de saneamento e dotación de recursos hídricos necesarios para dar servizo ao parque, un paso necesario previo á avaliación ambiental.

Por outra banda, en desenvolvemento da previsión do PSOAEG estase promovendo o parque empresarial de Fragamoreira (Poio), que sumará 374.229 m² máis de solo para uso industrial na comarca. Xestur licitou a redacción dos instrumentos de planeamento (PEOSE), así como os proxectos de desenvolvemento e urbanización. O PEOSE encóntrase actualmente en fase de tramitación ambiental, con data 26 de maio de 2025 foi remitido desde a Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial o borrador do PEOSE xunto co seu documento ambiental estratéxico, para o inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O órgano ambiental someteu o documento a consultas públicas con data 3 de xuño de 2025.

Ademais, a Xunta de Galicia, a través de Xestur está a impulsar diferentes proxectos para dotar a comarca de Pontevedra de solo empresarial, neste contexto, o pasado mes de maio, adxudicou o proxecto de reurbanización de 86.964 m2 no antigo Centro de Transporte e Terminal Intermodal de Ponte Caldelas (Pontevedra), que está ao carón do Polígono do Campiño e o parque empresarial da Reigosa (Ponte Caldelas). Esta iniciativa é complementaria con outros desenvolvementos urbanísticos de solo empresarial que a Xunta de Galicia está a promover na provincia de Pontevedra. Así, está a desenvolver a Fase IV do parque empresarial de Lalín 2000 (316.960 m2), que ten superado proceso de información pública do seu proxecto de urbanización. Ademais, a ampliación do parque empresarial de Toedo (A Estrada), con 156.685 m2 e o de Louredo-Mos, con 479.464 m2, superaron a fase ambiental dos seus instrumentos de ordenación. Tamén están en licitación a redacción do PEOSE da ampliación do polígono industrial do Pousadoiro en Vilagarcía de Arousa, cunha previsión de ampliar 212.254 m2 de solo industrial; e a licitación da denominada MI, área multifuncional industrial, da Plisan coa previsión de ampliála en 1.072.773 m2. En definitiva, nos vindeiros anos porase á disposición das empresas case tres millóns de metros cadrados adicionais de solo empresarial na provincia de Pontevedra.

Na área de Pontevedra non se esgotou o solo industrial. Xestur promoveu o parque empresarial da Reigosa en Ponte Caldelas, que foi rematado en 2010, e no que, a día de hoxe, aínda hai solo dispoñible. No derradeiro concurso de alleamento de solo industrial de Xestur de outubro de 2024 só se presentou unha solicitude de solo empresarial na comarca de Pontevedra, tras este concurso de alleamento quedan sete parcelas dispoñibles na área empresarial”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/08/2025 9:59:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2025 09:59:36
Nº Rexistro: 32099
Data envío: 25/08/2025 09:59:36,593

CSV: BOPGDSPG-Tyod700Ef-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 27476**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, sobre **"a incidencia actual dos crimes machistas en Galicia e as medidas que prevé impulsar o Goberno galego co fin de aumentar a colaboración institucional para a mellor prevención e maior protección das mulleres"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Actualmente, xa existe a figura do comité de crise en casos de violencia de xénero.

Dito comité reúnese no Ministerio de Igualdade cando se produce unha concentración de feminicidios igual ou superior a cinco nun mesmo mes. E, en cada provincia realízase unha reunión de coordinación cada vez que se produce un asasinato.

Estas reunións están lideradas pola Delegación do Goberno en Galicia e nelas participan representantes da Fiscalía, do Poder Xudicial, da Administración autonómica, da municipal, do Sergas e de todos os operadores implicados. O obxectivo é avaliar as causas do caso de violencia machista e detectar os recursos que puideron fallar ou non funcionar correctamente. A través das conclusións, tómanse medidas para que non se volvan repetir".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32407
Data envío: 26/08/2025 14:08:44.806

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/08/2025 14:08:44

CSV: BOPGDSPG-Tyod700Ef-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 27837**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores, sobre **"a valoración e as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe á organización e dotación docente do CEIP A Lomba, de Vilagarcía, para o vindeiro curso 2025-2026"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 28054 o 11 de xullo de 2025; á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=OWNLZTU4ZJEtNDkzNy00MmJjLTg2ODQtMTJhZDExOTVhYmNj&start=5993.524>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/08/2025 14:08:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32406
Data envío: 26/08/2025 14:08:39.485

CSV: BOPGDSPG-Tyod700Ef-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 27860**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"a oferta existente no concello de Lugo de centros de día públicos para persoas dependentes e discapacitadas e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O concello de Lugo conta cun total de 641 prazas en centros de día repartidas en centros para persoas maiores e persoas con discapacidade.

Desas 641 prazas, actualmente hai 225 dispoñibles (24 das cales corresponden ao centro de día municipal), polo que os veciños de Lugo que o precisen, poden acudir a estes centros.

Para os centros de día privados, o Goberno galego pon a disposición de todos os galegos bonos que axudan o seu pago. Neste sentido, actualmente hai 73 veciños deste concello que reciben estes bonos.

Por outro lado, a maioría dos maiores en Galicia prefiren estar coidados nas súas casas, nas súas parroquias, preto das súas familias e amizades. Conscientes da importancia deste tipo de coidados, máis personalizados e demandados polos nosos maiores, o Goberno galego leva anos apostando e impulsando servizos de proximidade como o servizo de axuda no fogar, o programa xantar na casa, a telesistencia, ou o Bono coidado no Fogar unha axuda pública universal de 5.000 euros ao ano que beneficia a máis de 20.000 galegos que son coidados nas súas casas por un familiar, un veciño ou outra persoa da súa confianza.

Gracias a este bono, 1.274 veciños de Lugo reciben esta axuda polos que a Xunta achega preto de 6,4 M€".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/08/2025 14:08:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32405
Data envío: 26/08/2025 14:08:32.904

CSV: BOPGDSPG-Tyod700Ef-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 27885**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas, sobre **"a débeda contraída polo Goberno galego coa Orquestra Sinfónica de Galicia"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude**, que ten o seguinte contido:

"As contías totais transferidas pola Xunta de Galicia ao Consorcio para a Promoción da Música da Coruña, atópanse recollidas nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma, aprobados polo Parlamento de Galicia e a disposición pública a través da web oficial da Xunta de Galicia, tal e como dispón a Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Toda a información solicitada pode ser consultada a través da seguinte ligazón: www.orzamentos.xunta.gal".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/08/2025 14:08:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32404
Data envío: 26/08/2025 14:08:27.142

CSV: BOPGDSPG-Tyod700Ef-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 15775**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Paula Mouzo Más e outros deputados e deputadas, sobre **"convocatoria publicada no DOG do 23 de xullo de 2024 de axudas destinadas a soste as entidades asociativas do sector do mar logo das perdas provocadas polos temporais de finais de 2023, o seu importe e a súa distribución"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

" O Consello da Xunta aprobaba en xullo de 2024 unha orde de axudas directas extraordinarias para garantir a sustentabilidade das entidades asociativas do sector marisqueiro tras a diminución de ingresos económicos ocasionada polos fortes temporais no último trimestre do ano 2023.

A Consellería do Mar destinou un total de 420.000 euros ás 63 confrarías de pescadores galegas, ademais das federacións provinciais, cooperativas, asociacións e profesionais que xestionaban plans para recursos marisqueiros no 2024.

En canto á distribución das axudas directas, foi de 12.500 euros para cada federación de confrarías de pescadores, e un mínimo de 4.000 euros para o resto das entidades beneficiarias. Para os colectivos dependentes do marisqueo, a subvención foi equivalente ao 5% da caída do valor económico das producións en outubro e novembro do 2023 respecto ao mesmo período do 2022, cun importe máximo de 20.000 euros por receptor.

As entidades beneficiarias inclúen ás 63 confrarías de pescadores desde Ribadeo á Guarda, ademais das federacións provinciais de confrarías de pescadores da Coruña, Lugo e Pontevedra, así como a federación galega, entre outras asociacións e cooperativas do sector.

A relación de entidades beneficiarias e a contía correspondente a cada unha delas foi publicada no DOG Nº 142 do 23 de xullo de 2024:

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240723/AnuncioG0427-160724-0001_gl.html".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/08/2025 11:46:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2025 11:46:13
Nº Rexistro: 32525
Data envío: 27/08/2025 11:46:13.450

CSV: BOPGDSPG-Tyod700Ef-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 15778**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Paula Mouzo Más e outros deputados e deputadas, sobre **"a contía total, o número de afectados e o perfil profesional dos beneficiarios das axudas convocadas o día 12 de agosto de 2024 destinadas ao marisqueo a pé sometido a paralizacións temporais en determinados bancos marisqueiros intermareais de Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

" No DOG do 12 de agosto de 2024, a Consellería do Mar publicaba a ORDE do 6 de agosto de 2024 pola que se aproban as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2024 das axudas, en réxime de concorrencia competitiva, ás persoas mariscadoras a pé afectadas pola paralización temporal en determinados bancos marisqueiros intermareais de Galicia, cofinanciadas ao 70 % polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) 2021-2027

A súa finalidade foi a de compensar coas axudas de paralización temporal os efectos derivados de implantar a veda temporal, como medida técnica de conservación dos recursos, que supuxo a suspensión temporal da actividade marisqueira nos seguintes plans de xestión aprobados para o período 2024-2026:

- Plan de xestión de marisqueo da Confraría de Pescadores de Cariño e Asociación de Mariscadoras e Mariscadores de Cariño, modalidade a pé.
- Plans de xestión de marisqueo da Asociación de Mariscadoras Fonte de Santa Helena de Baldaio, modalidade a pé.
- Plan de xestión de marisqueo da Confraría de Noia, modalidade a pé e desde embarcación.
- Plan de xestión de marisqueo da Confraría de Rianxo, modalidade a pé.
- Plan de xestión de marisqueo da Confraría de Cabo de Cruz, modalidade a pé.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





- Plan de xestión de marisqueo da Confraría de Pescadores de Vilanova de Arousa, modalidade a pé.
- Plans de xestión de marisqueo da Confraría de Pescadores do Carril, modalidade a pé.
- Plan de xestión de marisqueo das confrarías de pescadores de Lourizán, Raxó e Pontevedra, modalidade a pé.
- Plan de xestión de marisqueo da Confraría de Pescadores de Redondela, modalidade a pé.
- Plan de xestión de marisqueo da Confraría de Pescadores de Arcade, modalidade a pé.
- Plan de xestión de marisqueo da Confraría de Vilaboa, modalidade a pé.

O período de referencia subvencionable da paralización temporal da actividade de marisqueo a pé abrangía do 1 de xaneiro ao 30 de xuño de 2024, ambos incluídos, cun máximo de seis meses subvencionables.

O importe máximo das axudas que se concedan ascenderá a un millón douscentos cincuenta mil euros (1.250.000 €).

As persoas beneficiarias son os titulares de permisos de explotación para marisqueo a pé de recursos marisqueiros xerais que participen nos plans de xestión enumerados anteriormente que figuran nos rexistros da Consellería do Mar.

Ademais, para obter a condición de persoa beneficiaria, debía ter levado a cabo unha actividade extractiva (días de actividade) de, cando menos, 120 días durante os anos 2022 e 2023 nas modalidades de marisqueo xeral e/ou de recursos específicos.

Os días de actividade extractiva verificáronse mediante as notas de vendas realizadas nas lonxas ou centros de venda autorizados que constan nos rexistros da Consellería do Mar.

No DOG do 7 de marzo de 2025 publicábase a relación de persoas beneficiarias destas axudas que alcanzaba os 238 beneficiarios sumando un importe total de 431.613 €:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250307/AnuncioG0427-270225-0005_gl.html ”.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/08/2025 11:46:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2025 11:46:01
Nº Rexistro: 32523
Data envío: 27/08/2025 11:46:01.782

CSV: BOPGDSPG-Tyod700Ef-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 15789**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Miguel Fidalgo Iglesias e outros deputados e deputadas, sobre **"o alcance das axudas reguladas na Orde do 8 de maio de 2024 polas que se compensa os profesionais afectados pola veda temporal en determinados bancos marisqueiros das rías de Arousa, Pontevedra e Noia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

" O día 15 de maio de 2024 publicábase no DOG a ORDE do 8 de maio de 2024 pola que se regulan as bases e a convocatoria para o ano 2024 das axudas, en réxime de concorrencia competitiva ás persoas armadoras e non competitiva ás persoas tripulantes, por paralización temporal da actividade marisqueira nos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa dos Lombos do Ulla, O Bohído e Cabío, e nos bancos marisqueiros do Plan de xestión de moluscos bivalvos desde embarcación en zonas de autorización aprobado á Confraría de Pescadores de Noia e do Plan de xestión específico conxunto de moluscos bivalvos desde embarcación en zonas de libre marisqueo das confrarías de pescadores de Pontevedra, Lourizán, Raxó, Sanxenxo e Marín (cofinanciadas ao 70 % polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura):

O importe máximo das axudas que se conceden ascenderá a 7.200.000€ segundo as seguintes contías por liña de axuda:

- Axudas pola paralización temporal da actividade marisqueira das embarcacións afectadas-persoas armadoras: 5.200.000€.
- Axudas pola paralización temporal da actividade marisqueira das embarcacións afectadas-persoas tripulantes: 2.000.000€.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



As persoas beneficiarias teñen a condición de:

- Armadoras das embarcacións que estean rexistradas como activas no Rexistro Xeral da Frota Pesqueira e no Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia e que levasen a cabo actividade cando menos 120 días durante os anos 2022 e 2023.
- Tripulantes que traballasen cando menos 120 días durante os anos 2022 e 2023, a bordo dunha embarcación afectada pola paralización temporal.

A resolución destas axudas para compensar os efectos da medida de conservación da veda temporal coas axudas de paralización temporal nos bancos marisqueiros sublitorais de libre marisqueo da ría de Arousa dos Lombos do Ulla, O Bohído e Cabío, e do Plan de xestión de moluscos bivalvos desde embarcación en zonas de autorización aprobado á Confraría de Pescadores de Noia e do Plan de xestión específico conxunto de moluscos bivalvos desde embarcación en zonas de libre marisqueo das confrarías de pescadores de Pontevedra, Lourizán, Raxó, Sanxenxo e Marín, publicouse no DOG de febreiro de 2025 dando lugar a 301 beneficiarios entre armadores e tripulantes que alcanzaban un importe de axudas de 2.134.266€ ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/08/2025 11:45:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2025 11:45:50
Nº Rexistro: 32521
Data envío: 27/08/2025 11:45:50.956

CSV: BOPGDSPG-Tyod700Ef-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 15801**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Miguel Fidalgo Iglesias e outros deputados e deputadas, sobre **"o orzamento para 2024 das axudas aprobadas en xullo para as pemes de transformación de produtos pesqueiros e de acuicultura ao abeiro do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e Acuicultura"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

" O Consello da Xunta daba conta o 3 de xuño de 2024 do informe relativo á orde pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión en réxime de concorrencia competitiva de axudas para investimentos en pemes de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura, cofinanciados coa primeira convocatoria do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) 2024.

Deste xeito, a Consellería do Mar destinaba á mellora da competitividade e da rendibilidade das pequenas e medianas empresas galegas desta categoría 19M€, que se distribúen nas seguintes anualidades: 2024 (9 millóns) e 2025 (10 millóns).

Entre as accións que son obxecto de apoio, cofinanciados co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, está a de fomentar a calidade e valor engadido dos produtos; aumentar a eficiencia enerxética; reducir o impacto no ambiente; mellorar a mobilidade sustentable da distribución de produtos da pesca; favorecer a economía circular mediante a prevención e optimización dos procesos, minimización dos residuos, o aproveitamento comercial das capturas non desexadas ou subprodutos, o uso de descartes para o desenvolvemento de subprodutos, a transformación de capturas de peixe comercial que non poidan destinarse ao consumo humano; ou fomentar a transformación de produtos de acuicultura ecolóxica.

Os beneficiarios destas subvencións son pequenas e medianas empresas de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura que realizan investimentos que contribúen a, entre outras cuestións, aforrar enerxía, mellorar a seguridade ou optimizar os procesos de transformación.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



A resolución destas axudas foi publicada no DOG 19 de febreiro de 2025 dando lugar a 45 empresas beneficiarias entre pequenas e medianas alcanzando un importe de axudas de 10.481.546€".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2025 11:45:37
Nº Rexistro: 32519
Data envío: 27/08/2025 11:45:37.639

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/08/2025 11:45:37

CSV: BOPGDSPG-Tyod700Ef-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 15807**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Miguel Fidalgo Iglesias e outros deputados e deputadas, sobre **"a participación do Intecmar nunha auditoría, xunto coa Comisión Europea e co Ministerio de Industrias Primarias neozelandés, aos sistemas de control da produción de moluscos bivalvos que exporta Nova Zelandia á Unión Europea"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

" O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar) participou, a inicios do mes de abril de 2024, na auditoría da Unión Europea do sistema de produción de moluscos bivalvos que Nova Zelandia destina á exportación cara á UE.

A directora do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (Intecmar), participou como experta en resposta á invitación da Dirección Xeral de Saúde e Seguridade Alimentaria (DG Sante) da Comisión Europea, organismo responsable de realizar auditorías, inspeccións e outras actividades relacionadas tanto en países da UE como de fóra dos seus Estados membros.

O Intecmar, que realiza cada ano máis de 80.000 análises para garantir a calidade e salubridade dos produtos do mar galego, participou debido a súa experiencia neste ámbito en distintos procedementos deste tipo, sumando tanto a propia directora do Intecmar, como outros profesionais do instituto galego ata 25 participacións en diferentes procesos de auditoría da DG Sante da Comisión Europea como a que se levou a cabo en Nova Zelandia xunto co Ministerio de Industrias Primarias neocelandés.

A DG Sante realiza estas actividades para garantir que a lexislación da UE sobre seguridade de alimentos e pensos, saúde e benestar animal e sanidade vexetal se cumpran de forma axeitada ou equivalente, co fin de que os cidadáns europeos podan estar seguros dos alimentos que levan á mesa e das condicións en que se comercializan.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Na actualidade as relacións comerciais de Nova Zelandia e a UE están a experimentar un forte desde a entrada en vigor o pasado 1 de maio de 2024 do acordo de libre comercio entre este país e a UE que ratificou a Comisión Europea a finais de 2023".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2025 11:45:25
Nº Rexistro: 32517
Data envío: 27/08/2025 11:45:25.741

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/08/2025 11:45:25

CSV: BOPGDSPG-Tyod700Ef-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 15815**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Miguel Fidalgo Iglesias e outros deputados e deputadas, sobre **"os resultados do Informe, analizado polo Consello da Xunta, da cuadraxésima sexta reunión anual da Organización de Pesqueiras do Atlántico Noroeste (NAFO), realizada entre o 23 e o 27 de setembro de 2024 en Halifax, Canadá, así como sobre a súa repercusión para a comunidade galega"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O Consello da Xunta analizaba en outubro de 2024 o informe no que se abordaban os principais resultados da 46º reunión anual da Organización de Pesqueiras do Atlántico Noroeste (NAFO) celebrada entre o 23 e 27 de setembro en Halifax, Canadá.

O documento sinala fundamentalmente aqueles aspectos de especial interese para a frota galega e as especies que captura como son, o bacallau, a cabra, o fletán negro, a raia, a pescada, o mendo ou a pota.

O informe salienta que este acordo permitirá dar continuidade á estabilidade xeral da frota e un avance alentador no desenvolvemento da actividade pesqueira galega coa mellora das posibilidades de pesca dalgunhas das principais especies de interese para o 2025.

Esta análise destaca boas noticias para o sector en Galicia:

Por unha parte, está o incremento de cota de bacallau na zona coñecida como Flemish Cap, onde os buques comunitarios poderán pescar durante o 2025 un total de 6.017 toneladas, das 12.613 que representa o total admisíbel de capturas (TAC), das cales 1.804 toneladas corresponde a nosa comunidade.

Por outra banda, reábrese a pesca do bacallau na zona dos grandes bancos de Terranova, unha vez que constatada a recuperación do stock tras 32 anos de moratoria. Isto achega para a UE un dereito de explotación de 735 toneladas, das cales 160 toneladas serán para Galicia.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Ademais, no caso da arcea, outra das especies de maior interese para Galicia, logrouse esquivar o peche desta pesqueira nas zonas 3L e 3N, con 1.093,8 t para a frota comunitaria, continuando nas mesmas cifras no resto de áreas.

Tamén continúan inalterables para a raia, a pota e a pescada branca.

A parte negativa vén da cota do fletán, cunha redución de pouco máis do 2% pola aplicación de normas de control de capturas (HCR) sustentadas nunha fórmula matemática cuxo funcionamento foi cuestionado pola delegación galega.

Por último mantense a moratoria pesqueira para o camarón (na 3M,L,N e O), mendo (2J e 3K,L), alfonsino (6G), capelán (3N e O) e solla americana (3L,N, O).

As pesqueiras do Atlántico Noroeste son moi importantes para os armadores do sur de Galicia -concretamente Vigo, Cangas e Marín- debido a que permite traballar de forma exclusiva nesas augas a unha media de 10 buques pesqueiros que xeran máis de 200 postos de traballo directos.

Deste xeito, consolídase a evolución favorable da xestión eficiente deste caladoiro, o que resulta fundamental para a realización de investimentos na modernización da frota ou o fomento da remuda xeracional nesta pesqueira.”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/08/2025 11:45:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2025 11:45:13
Nº Rexistro: 32515
Data envío: 27/08/2025 11:45:13.173

CSV: BOPGDSPG-Tyod700Ef-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 15824**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Miguel Fidalgo Iglesias e outros deputados e deputadas, sobre **"a contía total das axudas reguladas na Orde do 8 de maio de 2024, que compensan as persoas afectadas pola paralización temporal en determinados bancos marisqueiros das rías de Arousa, de Pontevedra e de Noia, así como sobre o tipo de profesionais que se poden acoller a estas axudas"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O día 15 de maio de 2024 publicábase no DOG a ORDE do 8 de maio de 2024 pola que se regulan as bases e a convocatoria para o ano 2024 das axudas, en réxime de concorrência competitiva ás persoas armadoras e non competitiva ás persoas tripulantes, por paralización temporal da actividade marisqueira nos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa dos Lombos do Ulla, O Bohído e Cabío, e nos bancos marisqueiros do Plan de xestión de moluscos bivalvos desde embarcación en zonas de autorización aprobado á Confraría de Pescadores de Noia e do Plan de xestión específico conxunto de moluscos bivalvos desde embarcación en zonas de libre marisqueo das confrarías de pescadores de Pontevedra, Lourizán, Raxó, Sanxenxo e Marín (cofinanciadas ao 70 % polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura).

O importe máximo das axudas que se conceden ascenderá a 7.200.000€ segundo as seguintes contías por liña de axuda:

Axudas pola paralización temporal da actividade marisqueira das embarcacións afectadas-persoas armadoras: 5.200.000€.

Axudas pola paralización temporal da actividade marisqueira das embarcacións afectadas-persoas tripulantes: 2.000.000€.

As persoas beneficiarias teñen a condición de:

Armadoras das embarcacións que estean rexistradas como activas no Rexistro Xeral da Frota Pesqueira e no Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia e que levasen a cabo actividade cando menos 120 días durante os anos 2022 e 2023.

Tripulantes que traballasen cando menos 120 días durante os anos 2022 e 2023, a bordo dunha embarcación afectada pola paralización temporal.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





A resolución destas axudas para compensar os efectos da medida de conservación da veda temporal coas axudas de paralización temporal nos bancos marisqueiros sublitorais de libre marisqueo da ría de Arousa dos Lombos do Ulla, O Bohído e Cabío, e do Plan de xestión de moluscos bivalvos desde embarcación en zonas de autorización aprobado á Confraría de Pescadores de Noia e do Plan de xestión específico conxunto de moluscos bivalvos desde embarcación en zonas de libre marisqueo das confrarías de pescadores de Pontevedra, Lourizán, Raxó, Sanxenxo e Marín, publicouse no DOG Nº 34 de febreiro de 2025 dando lugar a 301 beneficiarios entre armadores e tripulantes que alcanzaban un importe de axudas de 2.134.266€".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2025 10:04:45
Nº Rexistro: 32118
Data envío: 25/08/2025 10:04:45,253

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/08/2025 10:04:44

CSV: BOPGDSPG-Tyod700Ef-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 15828**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Miguel Fidalgo Iglesias e outros deputados e deputadas, sobre **"a contía das axudas publicadas no DOG do 23 de xullo de 2024 destinadas a soste as entidades asociativas do sector do mar ante os estragos meteorolóxicos de outubro e novembro de 2023"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O Consello da Xunta aprobaba en xullo de 2024 unha orde de axudas directas extraordinarias para garantir a sustentabilidade das entidades asociativas do sector marisqueiro tras a diminución de ingresos económicos ocasionada polos fortes temporais no último trimestre do ano 2023.

A Consellería do Mar destinou un total de 420.000 euros ás 63 confrarías de pescadores galegas, ademais das federacións provinciais, cooperativas, asociacións e profesionais que xestionaban plans para recursos marisqueiros no 2024.

En canto á distribución das axudas directas, foi de 12.500 euros para cada federación de confrarías de pescadores, e un mínimo de 4.000 euros para o resto das entidades beneficiarias. Para os colectivos dependentes do marisqueo, a subvención foi equivalente ao 5% da caída do valor económico das producións en outubro e novembro do 2023 respecto ao mesmo período do 2022, cun importe máximo de 20.000 euros por receptor.

As entidades beneficiarias inclúen ás 63 confrarías de pescadores desde Ribadeo á Guarda, ademais das federacións provinciais de confrarías de pescadores da Coruña, Lugo e Pontevedra, así como a federación galega, entre outras asociacións e cooperativas do sector.

A relación de entidades beneficiarias e a contía correspondente a cada unha delas foi publicada no DOG Nº 142 do 23 de xullo de 2024:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240723/AnuncioG0427-160724-0001_gl.html".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/08/2025 10:04:32



PARLAMENTO DE GALICIA
Durante a redacción do PEOSE foi necesario adaptar a planificación inicial debido a que se detectaron distintas afeccións sectoriais que condicionan a posibilidade de desenvolver o ámbito completo previsto no PSOAEG. Finalmente a ampliación do parque empresarial contará cunha superficie total de 160.045 m². O borrador do documento foi presentado por Xestur e a Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial ao Concello de Pontevedra, en xullo de 2025, nunha reunión na que se informou ao Concello do contido definitivo do PEOSE, procurándose consensuar solucións en materia de saneamento e dotación de recursos hídricos necesarios para dar servizo ao parque, un paso necesario previo á avaliación ambiental.

Por outra banda, en desenvolvemento da previsión do PSOAEG estase promovendo o parque empresarial de Fragamoreira (Poio), que sumará 374.229 m² máis de solo para uso industrial na comarca. Xestur licitou a redacción dos instrumentos de planeamento (PEOSE) así como os proxectos de desenvolvemento e urbanización. O PEOSE encóntrase actualmente en fase de tramitación ambiental, con data 26 de maio de 2025 foi remitido dende a Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial o borrador do PEOSE xunto co seu documento ambiental estratéxico, para o inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada. O órgano ambiental someteu o documento a consultas públicas con data 3 de xuño de 2025.

Ademais, a Xunta de Galicia, a través de Xestur está a impulsar diferentes proxectos para dotar a comarca de Pontevedra de solo empresarial, neste contexto, o pasado mes de maio adxudicou o proxecto de reurbanización de 86.964 m² no antigo Centro

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





de Transporte e Terminal Intermodal de Ponte Caldelas (Pontevedra), que está ao carón do Polígono do Campiño e o parque empresarial da Reigosa (Ponte Caldelas). Esta iniciativa é complementaria con outros desenvolvementos urbanísticos de solo empresarial que a Xunta de Galicia está a promover na provincia de Pontevedra. Así, está a desenvolver a Fase IV do parque empresarial de Lalín 2000 (316.960 m²), que ten superado proceso de información pública do seu proxecto de urbanización. Ademais, a ampliación do parque empresarial de Toedo (A Estrada), con 156.685 m² e o de Louredo-Mos, con 479.464 m², superaron a fase ambiental dos seus instrumentos de ordenación. Tamén están en licitación a redacción do PEOSE da ampliación do polígono industrial do Pousadoiro en Vilagarcía de Arousa, cunha previsión de ampliar 212.254 m² de solo industrial; e a licitación da denominada MI, área multifuncional industrial, da Plisan coa previsión de ampliála en 1.072.773 m². En definitiva, nos vindeiros anos porase á disposición das empresas case tres millóns de metros cadrados adicionais de solo empresarial na provincia de Pontevedra.

Na área de Pontevedra non se esgotou o solo industrial. Xestur promoveu o parque empresarial da Reigosa en Ponte Caldelas, que foi rematado en 2010, e no que, a día de hoxe, aínda hai solo dispoñible. No derradeiro concurso de alleamento de solo industrial de Xestur de outubro de 2024 só se presentou unha solicitude de solo empresarial na comarca de Pontevedra, tras este concurso de alleamento quedan sete parcelas dispoñibles na área empresarial”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/08/2025 12:06:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2025 12:06:40
Nº Rexistro: 32220
Data envío: 25/08/2025 12:06:40,924

CSV: BOPGDSPG-Tyod700Ef-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 16857**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e don Carlos López Font, sobre **"as condicións de seguridade viaria da estrada PO-531 derivadas das obras de reparación que se están a levar a cabo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia leva varios anos desenvolvendo un programa de actuacións de mellora da estrada PO-531 no seu treito Pontevedra-Curro, cunha priorización técnica das actuacións en materia de seguridade viaria e de conservación da estrada, pero tamén froito dun intenso diálogo cos veciños.

Un investimento conxunto en actuacións directas na estrada que se achega aos 5,3 M€ nos últimos 10 anos, en actuacións executadas.

Deles, 1,78 millóns de € correspóndense con reforzos de firme na PO-531, no marco do Plan de Reforzos de Firme.

A continuación expóñense as actuacións máis significativas levadas a cabo:

Mellora do acceso ao polígono de Sequeiros.

Mellora da seguridade na Devesa.

Sendas na Devesa. Proxecto suspendido de senda en Bretoña.

Doutra banda, recentemente rematamos a Mellora da seguridade viaria na PO-531. Treito: PO-310 – VG-4.8 (Campañó), unha actuación de mellora da seguridade viaria, especialmente para peóns, dun treito da PO-531 na parroquia de Campañó, en Pontevedra. O proxecto someteuse a información pública en outubro de 2023, e comezou a súa execución a finais do mes de outubro de 2024, co obxectivo de contribuír á mellora de seguridade, especialmente para os peóns. Foi rematada en Xuño de 2025.

Por unha banda, executáronse sendas peonís en ambas as marxes da estrada PO-531, entre a nova glorieta e a rotonda da VG-4.8. Ademais, transformouse en glorieta a intersección en "T" situada no quilómetro 3+200 desta vía, na súa conexión coa estrada PO-310.

A obra executouse en constante diálogo cos veciños, cos que se acordou a reposición de varias conducións de comunidades de usuarios, así como a prolongación da senda na marxe esquerda da estrada, en sentido Pontevedra.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Unha vez se rematada a actuación na parroquia de Campañó, serán dous os seguintes obxectivos a levar a cabo na PO-531:

Un deles é a tramitación da Variante de Alba, cuxo proxecto se retomou por parte do Goberno Galego, e do que se está a redactar unha actualización do estudo ambiental e do proxecto de trazado, para iniciar de novo a avaliación ambiental.

Outro, será retomar tamén as actuacións suspendidas no seu momento no treito de Barro da PO-531, trala información pública e o transmitido polo goberno municipal, no sentido de non executar a senda que se estaba a promover sen unhas actuacións previas de mellora da accesibilidade e da seguridade viaria.

Coa actuación de mellora da seguridade viaria resolverase a intersección existente no punto quilométrico 8+850, mediante a execución dunha glorieta con beirarrúa exterior, e realizarase un cambio de sentido no p.q. 9+400 para o que é necesario executar un paso inferior de sección 7x5 e 38,5 m de lonxitude.

Cómpre sinalar que a actuación planificada que se describiu anteriormente debe de coordinarse necesariamente co proxecto da A-57 que se supón que está a desenvolver o Estado, aínda que cunha configuración que conta cunha forte oposición social no concello de Barro".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/08/2025 11:40:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2025 11:40:50
Nº Rexistro: 32502
Data envío: 27/08/2025 11:40:50.333

CSV: BOPGDSPG-Tyod700Ef-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 16876**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, dona Patricia Iglesias Rey e dona Lara Méndez López, sobre **"a situación en que se atopa a comarca de Pontevedra no que atinxe ás súas necesidades empresariais"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"A dispoñibilidade de solo empresarial nos lugares e condicións adecuadas, e a prezos alcanzables, é unha das cuestións prioritarias que poden afectar ao desenvolvemento de proxectos empresariais. Por esta razón, a Xunta de Galicia está a levar diversas actuacións dirixidas a aumentar a dispoñibilidade de solo ao longo de toda a Comunidade Autónoma, que facilite a implantación e crecemento das empresas, e contribúa á creación de emprego, especialmente no sector empresarial.

Ao igual que no resto de comarcas de Galicia, no caso da de Pontevedra, a Xunta de Galicia considera importante desenvolver actuacións dirixidas a aumentar a dispoñibilidade de solo empresarial.

En relación ás medidas desenvolvidas pola Xunta de Galicia, a planificación do solo empresarial realízase a través do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia (PSOAEG). Este instrumento planifica e localiza a superficie de solo empresarial de carácter supramunicipal, e define os ámbitos do territorio susceptibles de acoller actuacións deste tipo para cubrir as necesidades a longo prazo. O desenvolvemento do solo empresarial nas áreas empresariais de interese autonómico vén regulado principalmente na Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia. Polo tanto, o desenvolvemento do solo empresarial depende das tramitacións dos procedementos administrativos previstos na normativa, así como da dispoñibilidade de recursos orzamentarios e da priorización derivada das necesidades reais de solo empresarial nas distintas zonas da Comunidade Autónoma.

En canto á comercialización do solo empresarial executado polo sector público autonómico, a Xunta de Galicia impulsa medidas dirixidas á redución dos custos que teñen que aboar as empresas promotoras, a través de bonificacións e outras formas de adxudicación.

Ademais, a Xunta de Galicia ten impulsado tamén a creación doutras figuras que facilitan a implantación de actividades industriais no territorio de Galicia, como os proxectos industriais estratéxicos, definidos como iniciativas empresariais que se estime que teñen tal carácter pola súa función no desenvolvemento, implantación

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





ou execución da política industrial autonómica e a súa incidencia económica ou social e que cumpran unha serie de requisitos establecidos no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, de 12 de febreiro.

Nesta liña, na lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas inclúese a modificación do Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en política industrial, engadindo a posibilidade de tramitación conxunta de proxectos de interese autonómico para a creación de solo empresarial e proxectos industriais estratéxicos. Poñendo deste xeito a disposición do tecido empresarial unha posibilidade de desenvolver solo de xeito áxil con redución de prazos.

Igualmente na citada Lei 5/2024, inclúense, entre as medidas temporais e excepcionais dirixidas á creación de solo empresarial, os proxectos de interese autonómico para a creación de solo empresarial en municipios rurais cunha tramitación simplificada, na cal posibilitase a redución dos prazos xerais para actuacións de solo empresarial en municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes para crear unha área empresarial de ata 5 ha.

A Xunta de Galicia promoveu o parque empresarial do Campiño, fases I e II. A ampliación do Campiño é unha actuación incluída no PSOAEG. En desenvolvemento desta previsión do PSOAEG a Xunta de Galicia a través de Xestión do Solo de Galicia SA (en diante, Xestur) está a ampliar o parque empresarial do Campiño, téndose xa licitada a redacción dos instrumentos do Plan Estruturante de Ordenación de Solo Empresarial (PEOSE), así como os correspondentes proxectos de desenvolvemento e urbanización.

Durante a redacción do PEOSE foi necesario adaptar a planificación inicial debido a que se detectaron distintas afeccións sectoriais que condicionan a posibilidade de desenvolver o ámbito completo previsto no PSOAEG. Finalmente a ampliación do parque empresarial contará cunha superficie total de 160.045 m². O borrador do documento foi presentado por Xestur e a Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial ao Concello de Pontevedra, en xullo de 2025, nunha reunión na que se informou ao Concello do contido definitivo do PEOSE, procurándose consensuar solucións en materia de saneamento e dotación de recursos hídricos necesarios para dar servizo ao parque, un paso necesario previo á avaliación ambiental.

Por outra banda, en desenvolvemento da previsión do PSOAEG estase promovendo o parque empresarial de Fragamoreira (Poio), que sumará 374.229 m² máis de solo para uso industrial na comarca. Xestur licitou a redacción dos instrumentos de planeamento (PEOSE), así como os proxectos de desenvolvemento e urbanización. O PEOSE encóntrase actualmente en fase de tramitación ambiental, con data 26 de maio de 2025 foi remitido desde a Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial o borrador do PEOSE xunto co seu documento ambiental estratéxico, para o inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O órgano ambiental someteu o documento a consultas públicas con data 3 de xuño de 2025.

Ademais, a Xunta de Galicia, a través de Xestur está a impulsar diferentes proxectos para dotar a comarca de Pontevedra de solo empresarial, neste contexto, o pasado mes de maio, adxudicou o proxecto de reurbanización de 86.964 m2 no antigo Centro de Transporte e Terminal Intermodal de Ponte Caldelas (Pontevedra), que está ao carón do Polígono do Campiño e o parque empresarial da Reigosa (Ponte Caldelas). Esta iniciativa é complementaria con outros desenvolvementos urbanísticos de solo empresarial que a Xunta de Galicia está a promover na provincia de Pontevedra. Así, está a desenvolver a Fase IV do parque empresarial de Lalín 2000 (316.960 m2), que ten superado proceso de información pública do seu proxecto de urbanización. Ademais, a ampliación do parque empresarial de Toedo (A Estrada), con 156.685 m2 e o de Louredo-Mos, con 479.464 m2, superaron a fase ambiental dos seus instrumentos de ordenación. Tamén están en licitación a redacción do PEOSE da ampliación do polígono industrial do Pousadoiro en Vilagarcía de Arousa, cunha previsión de ampliar 212.254 m2 de solo industrial; e a licitación da denominada MI, área multifuncional industrial, da Plisan coa previsión de ampliála en 1.072.773 m2. En definitiva, nos vindeiros anos porase á disposición das empresas case tres millóns de metros cadrados adicionais de solo empresarial na provincia de Pontevedra.

Na área de Pontevedra non se esgotou o solo industrial. Xestur promoveu o parque empresarial da Reigosa en Ponte Caldelas, que foi rematado en 2010, e no que, a día de hoxe, aínda hai solo dispoñible. No derradeiro concurso de alleamento de solo industrial de Xestur de outubro de 2024 só se presentou unha solicitude de solo empresarial na comarca de Pontevedra, tras este concurso de alleamento quedan sete parcelas dispoñibles na área empresarial”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/08/2025 12:06:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2025 12:06:29
Nº Rexistro: 32218
Data envío: 25/08/2025 12:06:29.274

CSV: BOPGDSPG-Tyod700Ef-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 16966**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, don Carlos López Font e dona Paloma Castro Rey, sobre **"os eventuais plans de mellora da Xunta de Galicia respecto do tramo da AC-418 que vai desde Buño a Carballo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Remitimos á POC 7922, na que interviu o Director da Axencia Galega de Infraestruturas, Francisco Menéndez Iglesias, o pasado 19/12/2024 na Comisión 2º:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NWNmNDE4N2QtNWFlMy00MjU4LWE2OWQtODI2MTRmMzZjNzZh&start=7200."](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NWNmNDE4N2QtNWFlMy00MjU4LWE2OWQtODI2MTRmMzZjNzZh&start=7200.)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/08/2025 12:06:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2025 12:06:17
Nº Rexistro: 32216
Data envío: 25/08/2025 12:06:17.548

CSV: BOPGDSPG-Tyod700Ef-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 16978**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, don Carlos López Font e dona Paloma Castro Rey, sobre **"o cumprimento da normativa de accesibilidade no proxecto previsto para a construción dunha glorieta na estrada AC-418 no núcleo de Malpica"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Falamos da execución dunha glorieta para mellora da seguridade viaria e da funcionalidade da estrada AC-418, na entrada á capitalidade do concello de Malpica de Bergantiños.

A Xunta iniciou a redacción do proxecto co fin de incrementar a seguridade e a fluidez do tráfico no quilómetro 15+470 da estrada AC-418, na intersección que vai do rueiro do Ventorrillo ao colexio e á biblioteca.

O proxecto buscaba resolver a execución da glorieta e o seu encaixe físico, tendo en conta os condicionantes que existen: as pendentes, as beirarrúas actuais e os servizos que poidan verse afectados. Non obstante, e a petición do Concello, estase a revisar para mellorar as condicións de accesibilidade con respecto á formulación inicial, na medida en que sexa posible coa complexa configuración física existente."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/08/2025 12:06:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2025 12:06:06
Nº Rexistro: 32214
Data envío: 25/08/2025 12:06:06.162

CSV: BOPGDSPG-Tyod700Ef-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 17169** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e dona Cristina Fernández Davila, sobre **"deseño da programación relativa á divulgación entre o público escolar da figura e obra de Castelao co gallo do 75º cabodano da súa morte"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude**, que ten o seguinte contido:

" Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno na sesión plenaria celebrada o 6 de maio de 2025, na comparecencia a petición propia do conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude.

O vídeo da sesión pode consultarse na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/2wIRDtT0MjrweXX50WcyKzwYgVTpp1cIT0ZkSYqimjFaM1fv>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/08/2025 9:52:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2025 09:52:47
Nº Rexistro: 32359
Data envío: 26/08/2025 09:52:47,937

CSV: BOPGDSPG-Tyod700Ef-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 17601**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros deputados e deputadas, sobre **"a postura que vai adoptar o Goberno galego logo da declaración da illa de San Simón como lugar de memoria democrática"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude**, que ten o seguinte contido:

"Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno no seo da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na reunión celebrada o 13 de marzo de 2025, na pregunta para resposta oral número 17600.

O vídeo da sesión pode consultarse na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/3fCFQHx51rxzeIrVyTR1evf3CtJ7E0gDdHo44l9DFnx5Knv>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/08/2025 9:54:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2025 09:54:22
Nº Rexistro: 32463
Data envío: 27/08/2025 09:54:22.222

CSV: BOPGDSPG-Tyod700Ef-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 10:57:32
Nº Rexistro: 32596
Data envío: 28/08/2025 10:57:32.357

Asinado o día 28/08/25
10:42
Por Olalla Rodil Ferné

Á Mesa do Parlamento

As deputadas e os deputados abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 52.1 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **solicitud de constitución dunha comisión de investigación** sobre a gravísima crise social, económica e ambiental provocada pola vaga de lumes de agosto de 2025 en Galiza e as responsabilidades derivadas da actuación do goberno da Xunta, analizando os seguintes aspectos: as medidas de carácter preventivo e de ordenación e xestión do territorio que non foron desenvolvidas ao longo dos últimos anos e que agravaron o impacto dos incendios; a situación e operativa do dispositivo de extinción e das emerxencias así como as carencias e erros que fixeron que se agravase o poder destrutivo dos incendios; a falta de transparencia e información fiable sobre a vaga de lumes por parte do goberno e dos medios de comunicación públicos; e as actuacións que se deberán levar a cabo no futuro, a partir de experiencias anteriores e desta vaga de lumes, para desenvolver cambios estruturais e un novo modelo na ordenación do territorio, no desenvolvemento rural, na ordenación e xestión multifuncional do monte, na protección dos bens públicos e privados e das vidas humanas, no modelo de emerxencias e extinción de incendios para facelo máis operativo e eficaz; e para a consecución dun rural vivo, dinámico, habitado e centrado no aproveitamento sustentábel dos recursos agrogandeiros e forestais; e un territorio máis resiliente fronte aos grandes incendios que se poidan producir no futuro.

Asinado o día 28/08/2025 ás
10:42
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 28/08/2025 ás
10:41
Por Ana Pontón Mondelo

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza sufriu desde finais de xullo e sobre todo no mes de agosto unha das maiores crises sociais, económicas e ambientais da súa historia recente. Os datos de superficie arrasada polo lume, próxima ás 100.000 hectáreas segundo os datos oficiais



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da Xunta, e moito maior segundo a información do Sistema Europeo de Información sobre Incendios Forestais, a devastación provocada no monte e en espazos do interface urbano forestal, con destrución de vivendas, construcións auxiliares, explotacións agropecuarias e zonas de pasto, explotacións forestais, infraestruturas públicas, e un valioso patrimonio cultural e natural, dan a medida das dimensións desta xigantesca catástrofe humana, económica e ambiental.

Por desgraza, estamos diante da crónica dun desastre anunciado. As análises, informes e recomendacións posteriores á grave crise dos lumes de outubro de 2017, a dramática vaga de lumes que sufriu Portugal nese mesmo ano, as situacións de emerxencia e grave risco para bens e vidas que se produciron nos últimos anos no sur de Europa e noutras rexións do mundo alertaban sobre a cada vez maior frecuencia, intensidade e gravidade dos grandes incendios forestais, agravados pola situación de abandono do territorio, a enorme carga de combustíbel acumulada no monte e os efectos dos fenómenos meteorolóxicos adversos provocados polo cambio do clima. A crise provocada polos lumes na zona de Valdeorras e no Caurel no mes de xullo de 2022 volveu ser unha chamada de atención sobre un tipo de incendios que eran máis que lumes forestais e pasaban a converterse en graves emerxencias que poñían en risco as zonas habitadas e as vidas humanas.

A terrorífica crise dos lumes de outubro de 2017 acendeu todas as alarmas e provocou un intenso debate público e a creación dunha Comisión de estudo no Parlamento galego que tivo como principais resultados: 1) o “Ditame da Comisión non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan Forestal de Galiza” (agosto de 2018), que contou con votos particulares dos grupos parlamentarios de BNG e En Marea; e 2) O “Documento xeral de análise e recomendacións sobre o servizo de prevención de incendios forestais en Galiza”, elaborado polo grupo de expertos de apoio á Comisión do Parlamento galego sobre incendios forestais; documento que conta con unha versión





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

máis reducida denominada “Documento executivo de análise e recomendacións sobre o SPIF” (xullo de 2019).

Da análise destes documentos dedúcese que unha parte importante das recomendacións que conteñen non foron aplicadas polo goberno galego ou foron adiadas, o que sen dúbida acrecentou as dinámicas negativas do abandono do territorio, de falta de ordenación e xestión, e de intervención preventiva tanto de carácter xeral como nas zonas de monte e interface na que se producen os incendios forestais.

Especialmente grave é tamén o non desenvolvemento e aplicación das recomendacións sobre o servizo de extinción de incendios, sobre a coordinación das emerxencias, sobre as necesarias políticas preventivas, de previsión, vixilancia, disuasión e resposta áxil e eficaz á nova tipoloxía de lumes. Malia que había numerosos estudos, estatísticas e recomendacións das persoas expertas que alertaban dos riscos e das carencias do sistema, sobre toda nas zonas de maior actividade incendiaria e maior probabilidade de fenómenos atmosféricos agravantes, a realidade é que unha boa parte destas recomendacións non se aplicaron.

Diversas informacións que se fixeron públicas nas últimas semanas sobre a descoordinación e insuficiencia de medios, non cobertura de todas as prazas, caos no operativo, non mobilización de medios dispoñíbeis, obsolescencia do material, etc son feitos moi graves que deben ser obxecto dunha investigación exhaustiva en sede parlamentaria co obxecto de identificalos, corrixisilos e evitar que se repitan no futuro.

Tamén debe ser obxecto de exame e avaliación o funcionamento dos instrumentos e axudas que o goberno galego destina á prevención, tanto pola deficiente orientación e eficacia como a tardanza na súa convocatoria e resolución. O feito de que case 11 millóns de euros destinados por diferentes vías a prevención de incendios non estean resoltas a finais de agosto de 2025 debe ser obxecto de avaliación e revisión.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Outro dos aspectos que ten que ser examinado é a cobertura informativa parcial e partidista que fai o goberno da Xunta, directamente e a través dos medios de comunicación públicos, da emerxencia dos lumes. Unha mala praxe que mesmo deu pé a un comunicado público do Colexio de Xornalistas e a unha petición do Comité Intercentros da demisión das persoas responsábeis de informativos dos medios públicos.

En relación coas dimensións dos incendios e a información sobre superficie queimada, debe ser obxecto de investigación, avaliación e revisión o sistema que utiliza o goberno galego para a a estatística da superficie queimada, de maneira que sexa concordante coa información proporcionada polo sistema Copernicus. A este respecto, tamén deben ser aclaradas as razóns polas que non se deu conta durante varios días da incidencia dos lumes en espazos de alto valor ambiental como Pena Trevinca e o Teixedal de Casaio. E en xeral sobre a inactividade e pasividade da consellaría de Medio Ambiente cando estaban ardendo auténticos monumentos do patrimonio natural e da biodiversidade galega.

Por último, a comisión de investigación debe ser un instrumento de utilidade de cara ao futuro. A partir das experiencias, aprendizaxes e erros derivados de anteriores crises de lumes e desta de 2025, esta crise ten que supoñer un punto de inflexión, un antes e un despois, nas políticas de prevención e loita contra o lume, deseñando un conxunto de instrumentos normativos, de planificación, ordenación e xestión que permita articular paisaxes vivas, multifuncionais, habitadas e preparadas para facerlle fronte a unha nova tipoloxía de lumes que, como vimos en experiencias anteriores e nesta, son previsibles e enormemente destrutivos. E que non poden ser combatidos nin con compracencia, nin con propaganda, nin con fórmulas obsoletas e fracasadas.

Polo anteriormente exposto, o **Grupo Parlamentar do BNG** solicita, ao abeiro do disposto no artigo 52.1 do Regulamento do Parlamento, a **creación dunha comisión**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de investigación sobre a gravísima crise social, económica e ambiental provocada pola vaga de lumes de agosto de 2025 en Galiza e as responsabilidades políticas derivadas da actuación do goberno da Xunta, analizando os seguintes aspectos: as medidas de carácter preventivo e de ordenación e xestión do territorio que non foron desenvolvidas ao longo dos últimos anos e que agravaron o impacto dos incendios; a situación e operativa do dispositivo de extinción e das emerxencias así como as carencias e erros que fixeron que se agravase o poder destrutivo dos incendios; a falta de transparencia e información fiábel sobre a vaga de lumes por parte do goberno e dos medios de comunicación públicos; e as actuacións que se deberán levar a cabo no futuro, a partir de experiencias anteriores e desta vaga de lumes, para desenvolver cambios estruturais no ordenación do territorio, no desenvolvemento rural, na ordenación e xestión multifuncional do monte, na protección dos bens públicos e privados e das vidas humanas; no modelo de emerxencias e extinción de incendios para facelo máis operativo e eficaz diante do novo tipo de lumes agravados por un contexto climático adverso; e para a consecución dun rural vivo, dinámico, habitado e centrado no aproveitamento sustentábel dos recursos agrogandeiros e forestais; e en definitiva para construír colectivamente un territorio máis resiliente fronte aos incendios que se poidan producir no futuro.

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2025



Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 28/08/2025 10:41:51
Luis Bará Torres na data 28/08/2025 10:42:26
Olalla Rodil Fernández na data 28/08/2025 10:42:39
Rosana Pérez Fernández na data 28/08/2025 10:42:52
Daniel Castro García na data 28/08/2025 10:43:05
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 28/08/2025 10:43:23
Paulo Ríos Santomé na data 28/08/2025 10:43:33
Ariadna Fernández González na data 28/08/2025 10:43:51
Iria Carreira Pazos na data 28/08/2025 10:44:05
Secundino Fernández Fernández na data 28/08/2025 10:44:15
José Manuel Golpe Acuña na data 28/08/2025 10:44:34
Daniel Pérez López na data 28/08/2025 10:44:42
Carmela González Iglesias na data 28/08/2025 10:44:55
Sonia Vidal Lamas na data 28/08/2025 10:45:04
Montserrat Valcárcel Armesto na data 28/08/2025 10:45:14
Óscar Insua Lema na data 28/08/2025 10:45:26
María Montserrat Prado Cores na data 28/08/2025 10:45:37
Ramón Fernández Alfonso na data 28/08/2025 10:45:48
Alexandra Fernández Gómez na data 28/08/2025 10:46:02
Brais Ruanova Vilas-Boas na data 28/08/2025 10:46:13
Mercedes Queixas Zas na data 28/08/2025 10:46:25
Noa Presas Bergantiños na data 28/08/2025 10:46:32
Cristina Fernández Davila na data 28/08/2025 10:46:39
Iago Suárez Fernández na data 28/08/2025 10:46:46
Iria Taibo Corsanego na data 28/08/2025 10:46:52



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/08/2025 10:57:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 10:57:32
Nº Rexistro: 32596
Data envío: 28/08/2025 10:57:32.357

CSV: BOPGDSPG-Tyod700Ef-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

